

Francisco Castro

UN LIBRO DE AVENTURAS

A George White, alumno de sexto curso de primaria do prestixioso *Trees of the Lord College* de Pennsylvania, o único que lle gusta do colexio é a biblioteca. Hoxe ten nas mans *A illa do tesouro*. O Orientador do centro díxolle que era moi interesante.

Georginho Branco vai cando cadra á escola, por chamarlle dalgunha maneira, a ese galpón que montou entre as favelas de Bom Jesus unha ONG europea. Sabe que igual non lle serve de moito ir, pero hai uns días atopou tirado nunha esquina un libro. E comezou a ler. *A illa do tesouro*. Apaixonante.

George White e Georginho Branco van pasando as páxinas e a emoción medra. Quen puidera ter unha vida de aventuras coma a de Jim Hawkins, pensa George e pensa Georginho. E seguen as aventuras. Un le na biblioteca, o outro, sobre o chan baleiro de terra da desesperanza. De certo que atoparán o cofre, pensa George; seguro que Long John Silver non é tan malo, pensa Georginho.

Dous nenos de dous lugares afastados do mundo vibran co mesmo libro lendo a mesma historia. E van pasando os días. George White, alumno de sexto curso de primaria do prestixioso *Trees of the Lord College* de Pennsylvania remata o libro. A emoción bríllalle nos ollos. Georginho Branco, atónito, comproba que ao libro lle faltan as páxinas finais. Non as ten. É un libro roto. Fala co mestre da ONG. Quero saber como acaba. Quero outro exemplar e saber que lle acontece a Jim e a Long John e saber se collen ou non o cofre. Sinto. Non temos outro exemplar. Só hai este. ¡Pero falta o final! Non hai outro, repite o mestre. Colle outro.

Una de cada cinco personas no puede leer este texto

George White segue sen apreciar o colexio. Non lle gusta. Non lle importa a hípica nin a esgrima nin o xadrez nin nada do moito que lle ofrece o seu *college*. Georjinho Branco non sabe se volverá mañá á escola. Para que, pensa, se total nin os libros están enteiros.

**La
Gran
Lectura**

